



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 26 DE
MARZO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira.

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUÍZ FERRO

Concelleira

FALTAN:

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira do PSOE

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira do PP.

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro do PP.
D. JOSÉ VICENTE VICENTE
Concelleiro do PP.
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro do BNG.
D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro non adscrito

SECRETARIA
DONA GISELA REY BALTAR

Na Casa do Concello, sendo as doce horas do día vinte e seis de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a secretaria.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	ACTO SOLEMNE DE ENTREGA DOS TÍTULOS DE FILLOS PREDILECTOS A D. OLIMPIO ARCA CALDAS E D. ALFONSO VARELA DURÁN
-------------	--

1º.- ACTO SOLEMNE DE ENTREGA DOS TÍTULOS DE FILLOS PREDILECTOS A D. OLIMPIO ARCA CALDAS E D. ALFONSO VARELA DURÁN Pola secretaria, dáse lectura a un extracto do acordo do Concello Pleno celebrado en data 21 de marzo de 2011.

Sr. Alcalde: *Bos días a todos, quero agradecer a todos a súa presenza hoxe aquí e facer unha especial mención de agradecemento á Sra. alcaldesa de Cuntis Dona Fátima Monteagudo e ao Sr. ex-presidente da Xunta de Galicia D. Gerardo Fernández Albor. O Concello da Estrada, tendo en conta a dedicación e o traballo recoñecido ao longo de moitos por D. Alfonso Varela Durán e D. Olimpio Arca Caldas, polos seus especiais méritos, cualidades e servizos extraordinarios realizados en pro do Concello da Estrada e en aplicación do Regulamento para a Concesión de Honras e Distincións aprobadas polo Concello en Pleno en sesión celebrada o 12 de setembro de 1997,*

ACORDOU DE XEITO UNÁNIME O 21 DE MARZO DE 2011:

A concesión do título de Fillo Predilecto e nomeamento de rúas co seu nome a:

D. Olimpio Arca Caldas: *Mestre, historiador e home da cultura da Estrada e de Galicia enteira, naceu nas veciñas terras de Cuntis e despois dunha florecente vida profesional que o levou a instalarse na Estrada casou coa filla deste pobo Dona Ana*

Camba, coa que fundou casa e familia para quedarse para sempre entre nós. Tivo unha exemplar traxectoria como docente o que non lle impediu dedicar incontables horas de estudo e traballo para iluminar a vida do municipio con maior coñecemento e sabedoría en moitas áreas do coñecemento, destacando sobre todo na súa vertente histórica.

Foi director do Museo do Pobo Estradense Manuel Reimóndez Portela e promoveu centos de iniciativas conducentes a unha maior culturización da poboación estradense, colaborando sempre en cantos proxectos reclamaron da súa presenza e saber. Por todo elo e por moitas cousas máis, A Estrada nun exercicio de xustiza e acollemento, destaca co máximo recoñecemento que un veciño e xa fillo noso pode ter, en virtude do seu labor, traxectoria e méritos acumulados durante toda unha vida.

Noméase Fillo Predilecto da Estrada, polo que se lle impón unha medalla de ouro co noso escudo e diploma acreditativo, xunto coa designación da ata agora denominada rúa Prolongación de A. Rodríguez Castelao que pasará a designarse Rúa Olimpio Arca Caldas.

Seguidamente o Sr. Alcalde imponse a medalla co escudo da Estrada en ouro así como o diploma acreditativo, pasando a dirixir D. Olimpio Arca unhas palabras de agradecemento aos membros da Corporación e ao numeroso público asistente.

D. Olimpio Arca Caldas: Excelentísima Corporación do Concello da Estrada, Señor alcalde, señores concelleiros, grazas, moitas grazas; grazas polo voso afecto persoal que me enorgullece, grazas por ese título tan grande para min como é o nomeamento de fillo predilecto da Estrada, título que levarei con orgullo e dignidade mentres non se me acabe a vida. E moitas grazas por ese anaco de chan urbano que vai levar o meu nome, nunca o pensei. E grazas porque fixestes deste día na miña axenda vital, un dos días máis felices da miña vida, grazas, moitas grazas.

Dinos un axioma filosófico; o individuo é el e as súas circunstancias. De min xa se leva dito en demasía, en poucas palabras analizarei as miñas circunstancias pois penso que elas son a causa e efecto de eu hoxe estar aquí. Fillo póstumo, as miñas primeiras circunstancias foron, miña nai Carmen, meu avó Ramón, o meu mestre Don Aurelio e meu pobo, Cuntis. Xa no mundo laboral, a primeira circunstancia está representada por D. Manuel Villar Panamá, mestre senlleiro, con el fomos quen de levar a escola mixta de Couso a colexio piloto de ensino de Veá, institución pedagóxica que impartiu a segunda etapa a todos nenos das doce parroquias de Veá dende o ano 1972 a 1980, data na que se inaugurou o colexio nacional, que hoxe leva o nome de Villar Panamá. A segunda circunstancia responde ao nome de Manuel Reimóndez Portela, médico, etnógrafo, humanista, nos seráns invernales dos anos 74, 75 e 76, sementamos a educación sanitaria, orientación escolar, teatro xuvenil, nos teleclubes das parroquias dos concellos da Estrada, Silleda e Cruces. Estudamos cruceiros, hórreos, castros e festas populares, e nas ondas da radio, aínda resoa o eco das nosas charlas. A terceira circunstancia ten por nome, Don Manuel Castiñeira Rodríguez, párroco da Estrada e Ouzande, os seus azos, as súas pesquisas nos libros parroquiais, foron fontes fidedignas de fermosas biografías, malia aos comezos da súa fatal doenza aínda subiamos a Santiago para indagar nos arquivos catedralicios e do seminario, froito deste último traballo, temos en común o libro, O Canónigo Ciorraga. E a derradeira circunstancia corresponde á Fundación Terra Termarum Castro Landín que fixo posible o descubrimento e posta en valor do Castro daquela primixenia aldea. Nesta mañá de honras, vaia o meu humilde recordo e agradecemento a esas miñas circunstancias, e grazas, moitas grazas unha vez máis aos membros desta corporación, representantes deste pobo, de quen recibo tan honrosa paternidade, moitas grazas.

Sr. Alcalde: *D. Alfonso Varela Durán: Nacido na Vila da Estrada, onde foi entusiasta participante en multitude de iniciativas socio - culturais que elevaron e melloraron sempre o nome do noso municipio. Promotor e defensor incansable do bo nome e dos intereses do noso Concello dende a súa xuventude, exerce a profesión como prestixioso médico internista na Capital de Galicia dende onde se configura como un dos nosos máximos expoñentes da representación estradense. O Doutor Varela Durán non deixa en ningún momento de facer proselitismo a favor dun sentimento verdadeiro e afectuoso que alberga no seu corazón un estradensismo constante e infinito en favor de todo o que significa o noso pobo a través das distintas circunstancias en que nos tocou vivir.*

Impulsor do progreso e de todo o que signifiquen melloras para A Estrada en calquera dos eidos da realidade, sen que ningún deles lle sexa alleo, fundou e preside dende 1983 a Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, dende a que traballa rodeado de fieis colaboradores de xeito ininterrompido dende hai 28 anos para maior honra e progreso do noso pobo.

Noméase Fillo Predilecto da Estrada, polo que se lle impón unha medalla de ouro co noso escudo con diploma acreditativo, xunto coa designación da ata agora denominada rúa nº 35, sitas entre as rúas Avda. Benito Vigo e Virxinia Pereira que pasará a designarse Rúa Alfonso Varela Durán.

Seguidamente o Sr. Alcalde imponse a medalla co escudo da Estrada en ouro así como o diploma acreditativo, pasando a dirixir D. Alfonso Varela unhas palabras de agradecemento aos membros da Corporación e ao numeroso público asistente.

D. Alfonso Varela Durán: Ben, non sei se a miña palabra de hoxe; unha palabra emocionada, me permitirá falar a xeito nun acto de tanta transcendencia para min. Se eu tivese todos os merecementos do mundo e me dixesen que podería elixir calquera tipo de honra de calquera categoría, eu elixiría ser fillo predilecto da Estrada, e agora xa son fillo predilecto e unha rúa vai levar o meu nome e iso grazas á xenerosidade de toda esta Corporación que está aquí e que preside o meu colega o Doutor D. José Antonio Dono, a todos eles o meu agradecemento e a miña amizade. A min antes de seguir, gustárame dedicarlle isto na lembranza e no recordo a Mariluz, que me axudou moito e que me acompañou sempre no meu periplo estradense. Tamén na lembranza e no recordo aos meus pais e a meu irmán Pepe, dos que teño un recordo inesquecible. A meu irmán Pepe téño moi presente na persoa da súa dona María Xesús e dos meus sobriños José, Alberto, Pablo e María Jesús. Tamén quero dedicarlle isto, aos meus fillos, á miña nora, aos meus xenros, e aos meus netos, sempre ao meu carón, a toda a miña familia na cal os patriarcas son os meus avós e tamén o meu tío avó José Varela Puente. Unha familia a cal eu considero exemplar e a que lle debo unha boa parte do meu amor pola Estrada. Quero tamén dedicarlle isto á Asociación de Fillos e Amigos da Estrada, a todos os membros da directiva, aos que están hoxe e aos que estiveron, con un recordo para Manuel Reimóndez Portela, porque cando se formou a asociación, eu vin falar con el e non só me aprobou, senón que dixo que era o mellor que el esperaba chegando como chegaba á Estrada nese intre porque xa el estaba nesa liña e había poucos anos fixera unha fermosa guía, a Guía Turística da Estrada. Pois ben, nesa asociación de Fillos e Amigos da Estrada tamén está Olimpio Arca ao cal felicito por ser nomeado fillo predilecto con tódolos recoñecementos, porque como dixo o alcalde é o incansable traballador da cultura estradense e da cultura galega. E tamén felicito a todos os seus fillos e familia a cal eu aprecio moito. Tamén lles quero dar as grazas e dedicarlle isto a todos os que están hoxe aquí, amigos entrañables e non só pola súa presenza senón polo apoio que me deron sempre. Dixen que eu elixiría ser fillo predilecto da Estrada porque creo que non hai nada máis gratificante que no pobo onde un naceu, onde eu nacín, onde comecei a camiñar pola vila, onde foi o berce de experiencias e vivencias que foron os primeiros capítulos da miña vida e que hoxe son unha pincelada da miña personalidade sen sufrir a erosión do paso do tempo. Eu vivo en Santiago de Compostela, quero moito a Santiago de Compostela, síntome un compostelán máis, entendo que Compostela é unha cidade europea universal e como dixo Don Ramón Otero Pedrayo, dixo Castelao e tantos outros, é a casa de todos os galegos pero iso non impide que o meu pensamento estea enraizado na Estrada, teño aquí o meu refuxio ao que acudo

frecuentemente para non perder a súa perspectiva, para seguir vencellado a ela e para tomar alento. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Ben, e para rematar quero felicitar aos novos fillos predilectos da Estrada, agradecervos a todos a vosa presenza aquí e agora desprazámonos ás rúas para facer a súa inauguración coa denominación dos novos fillos predilectos da Estrada. Moitas grazas a todos.

Non habendo máis intervencións, e ao non efectuarse intervención ningunha por parte do público asistente, levántase a sesión ás doce horas e trinta minutos.

A Estrada, 26 de marzo de 2011

A secretaria.

Asdo.: Gisela Rey Baltar